



# Heston/Díaz de Vivar

Fotogramas de *El Cid*

JOAQUIM VENTURA

Se botamos un repaso á historia española, considerado este concepto no seu más amplio sentido, apenas atoparemos feitos que merecen a atención de Hollywood. O grave, se seguimos a referirnos aos acontecementos dos últimos catro séculos, é que non hai sucesos históricos que fosen capaces de despertar dito interese, se facemos excepción da Guerra Civil de 1936-1939 e dos sanfermines. En definitiva, por razóns que non imos analizar agora, pero que son sábidas por calquera mínimamente formado, España non contou na historia do mundo desde as guerras napoleónicas.

*A historia de España non interesou en Hollywood*

Incluso cando Hollywood situou unha acción cinematográfica en España, o país resultante era irrecoñecible as más das veces. Un exemplo: en *Fiesta* (1956) -adaptación da novela de Ernest Hemingway *The Sun also Ri-*

ses

, dirixida por Henry King, con Tyrone Power, Errol Flynn e Ava Gardner, os protagonistas da fita non pisaron chan navarro e a acción transcorre nunha Pamplona absolutamente falsa (Tyrone Power fixo de torero en *Blood and Sand* (1941), de R. Marmonian, baseada na novela de Blasco Ibáñez *Sangre y arena*).

E outro exemplo non hollywoodense: cando Woody Allen rodou *Vicky Cristina Barcelona* (2008), altera os ambientes locais (sitúa unha universidade no hospital de Sant Pau) ata deixar unha cidade completamente imposible.

O único feito histórico español considerado recentemente polo cinema americano foi a aventura de descubrimento de América coa película *Cristóbal Colón* (1992), de John Glen, con Marlon Brando, Tom Selleck, Rachel Ward e Benicio del Toro. Temos que ir, entón, cincuenta anos atrás

para darmos coa única presenza histórica española en Hollywood: *El Cid* (1961), dirixida por Anthony Mann, con Charlton Heston e Sophia Loren nos papeis protagonistas.

Unha película feita en España e con ambientación crible. A xénesis de *El Cid* temos que procurala en dúas circunstancias: a primeira, o produtor, Samual Bronston. Nacido como Bronshtain na actual

Moldavia, e de orixes xuidos, chegou a Hollywood antes da Segunda Guerra Mundial. En 1943 montou a súa produtora e especializouse en superproduccións de carácter épico. En 1959 comezou a traballar en España, nuns estudios que fundou en Las Rozas coa intención de facer un Hollywood á española. A primeira película foi *John Paul Jones* (1959), á que seguirían *Rei de reis* (1961) e *El*

*Cid*. Despois viñeron 55 días en Pequín (1963) e A caída do Imperio Romano (1964), que supuxo a ruína de Bronston.

A segunda circunstancia foi a presenza dun director de oficio como era Anthony Mann. Casado daquela con Sara Montiel, despois de ser despedido da rodaxe de *Espartaco* quixo dirixir en España. A iso, sumar a banda sonora de Miklós Rózsa e a filma-

Cada xeración fai a súa particular lectura do pasado. E nos casos de conflito, cada unha das partes contendentes analiza o que sucedeu desde puntos de vista que raramente son, xa non coincidentes, senón aproximados. E iso vale para os feitos recentes -os fillos que necesitan reinterpretar o que protagonizaron os pais-, tamén podemos aplicalo ao pasado lonxano.

E no caso da vida de Rui Díaz de Vivar, a aparición do leonismo político matiza a visión castelanista do papel do heroe e do rei Afonso VI. Cando o seu irmán Sancho II de Castela o venceu e asediou Zamora, conta a lenda que un nobre leonés, Bellido Dolfos, simulou que trocara de bando e coa ex-

cusa de descubrir un punto feble para o asalto á cidade, asasinouno.

Cando a coroa de León pasou a Afonso VI, Rui Díaz esxiulle xurá-

da Lealdade, en defensa do papel do nobre leonés.

A película de *El Cid* respectou o relato lendario recollido no *Cantar de Mio Cid*; unha das pasaxes más cinematográficas é, sen dúbida, o ataque dos condes de Carrón ás fillas de Rui Díaz. Para esa acción hai dúas vilas que reivindican ser o marco: Castillejo de Robledo, en terras sorianas do Douro, e Robledo de Corps, na serra de Guadalaxara.

O cantar deixá ben claro que se trataría da primeira vila, pola proximidade a San Esteban de Gormaz e a Berlanga. Eu tamén apostaría por Castillejo, nin que sexa polos seus ernos e pola igrexa da Asunción, de decoración insólita.



ción en 70 mm. O resultado foi unha película ben feita e un fenómeno de taquilla.

Levar á pantalla a vida do heroe castelán non foi fácil diante das autoridades franquistas. Mesmo a censura impuxo limitacións a escenas de beixos ou á frase dita polo Cid verbo da posibilidade da convivencia entre mouros e cristiáns. E no resultado tivo moito que ver o asesoramento de Ramón Menéndez Pidal. Diversos foron os escenarios exteriores da rodaxe: Ampudia, Burgos, Calahorra, Toledo, Ripoll -entre outros- e, sobre todo, Peñíscola.

Foi estreada en Madrid en decembro de 1961 e en Barcelona en febreiro de 1962. Os espectadores que acudimos á súa proxención daquela -eu tería oito anos- asistímos a unha historia de aventuras: a figura de Rui Díaz de Vivar resultaba coñecida, evidentemente, pero distante no tempo, non remataba de ser nosa. E quizais proba de iso sexa a súa ausencia nas pantallas de televisión. O acerto da película foi facer una fita de aventuras, non de estrita recreación histórica, con bo oficio. E quizais por iso Martin Scorsese axudou á súa restauración en 1993 para que fose editada en formato dvd.

Acaso estes cincuenta anos suponan o seu descubrimento polas novas xeracións. Unha película feita sen efectos especiais dixitais e cos aprendizaxes do perfil por parte dos protagonistas: desde cabalgear con cota de malla ata saber levar un falcón adestrado na luva de coiro.

## Relecturas da Historia